



Galego

As Estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI

26 DE FEBREIRO AO 6 DE SETEMBRO DE 2026



Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura.
Santiago de Compostela



Martes a domingo 10:00 a 20:00h.
Luns pechado.



Entrada gratis.

Linguaxe clara:

Este documento está en linguaxe clara.

A linguaxe clara usa palabras sinxelas e frases curtas.

Así todas as persoas comprenden mellor a información.

Aplicada a normativa actual e específica UNE-ISO 24495-1:2024.

Guía en linguaxe clara segundo os contidos da exposición

“As estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI”.

Edición:

Federación Autismo Galicia.



Coordinación e adaptación:

Aitana García Lage

Contidos:

- 1. **Benvida á exposición.....Páxina 4**
- 2. **O percorrido da exposición.....Páxina 7**
- 3. **As estacións do ano na arte galega.....Páxina 8**
- 4. **As 4 estacións do ano e as súas obras.....Páxina 10**
 - 4.1. O verán Páxina 10
 - 4.2. A primavera Páxina 11
 - 4.3. O inverno Páxina 12
 - 4.5. O outono Páxina 13
- 5. **Créditos.....Páxina 14**

1. Benvida á exposición.

A exposición “As estacións do ano na arte galega dos séculos vinte e vinte un” amosa obras de arte das 4 estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno.

“As estacións do ano na arte galega dos séculos vinte e vinte un” reúne na exposición obras dos últimos 125 anos de autores galegos.

A mostra ten coleccións de arte galego moi importantes de Galicia.

A exposición ten tamén obras de artistas galegos creadas só para esta mostra en exclusiva.

Na exposición participan máis de 63 artistas.

A exposición ten máis de 80 obras de arte como poden ser esculturas, fotografías ou cadros entre outras pezas ao longo de todo o percorrido.

A exposición “As estacións do ano na arte galega dos séculos vinte e vinte un” amosa a evolución dos artistas galegos na temática das 4 estacións do ano durante os séculos vinte e vinte un no contexto galego.

Mostra de obras dentro da exposición:

“As estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI”.



As paisaxes, esculturas e imaxes amosan na visita cada estación do ano en Galicia.

Os elementos característicos galegos das obras de arte unen unhas estacións coas outras:

- a choiva,
- a neve,
- o mar,
- o verde das montañas,
- as flores e plantas,
- e os froitos ou os alimentos típicos galegos.

A exposición é moi envolvente para as persoas visitantes.

Na exposición desfrutas con todos os sentidos.

No percorrido atopamos:

- Arte sonoro: os artistas traballan co son para xerar sensacións no espectador.
- Instalacións artísticas: os artistas colocan obxectos no espazo e o espectador sente de xeito diferente dependendo da súa colocación.
- Cadros: os artistas pintaron escenas ou imaxes dentro da temática das 4 estacións do ano.




Museo Centro Gaiás
Cidade da Cultura, Santiago de Compostela.




A entrada é **gratis**.



Acceso adaptado.



Do **26 de febreiro** ata o **6 de setembro** de 2026.



Os **horarios** son:



• de **martes a domingo**
de **10 da mañá a 8 da tarde**.



• **luns pechado.**

2. O percorrido da exposición

Na exposición podemos sentir as obras de arte grazas ao nosos sentidos. Cando o visitante percorre a exposición, nota polos sentidos os cambios de estacións dos artistas nas súas obras.

A exposición divídese en 3 espazos: limiar, cabina de frío e cabina de calor.

Os visitantes pasarán por os 3 espazos na ruta da exposición.

A continuación, explicamos o contido de cada espazo:

1. Limiar.

Neste espazo atopamos o “Espazo depurador azul ceo”.

Aquí o visitante sente calma, benestar e atención cara o seguinte paso na exposición.

É a preparación sensorial de entrada á exposición.




2. Cabina de frío: da paso ao inverno e o outono.

Na cabina de frío o visitante sente a experiencia dun día de inverno.

Na cabina de frío hai unha cor gris no espazo, temperatura fría e un son agradable.

O visitante cruza a cabina de frío para a exposición do inverno e do outono.




3. Cabina de calor: da paso ao verán e a primavera.


Na cabina de calor o visitante sente a experiencia dun día de verán.

Na cabina de calor hai unha cor laranxa, unha temperatura cálida e un son agradable.

O visitante cruza a cabina de calor para a exposición do verán e da primavera.



3. As estacións do ano na arte galega



Mostra de obras dentro da exposición: “As estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI”.

As estacións do ano varían ao redor do mundo.
As estacións do ano son o noso escenario de vida.

Todas as persoas vivimos as 4 estacións do ano.
En Galicia temos as 4 estacións moi diferenciadas.
O contraste das estacións fomenta a percepción
da temperatura, das cores, as texturas e as nosas emocións.

A primavera representa o renacemento e transformación.
Despois do inverno a natureza volve a revivir:
brotan flores e plantas, sube a temperatura e hai máis luz.
Na primavera temos máis sol, chuvia e néboas.
Na arte galega a primavera exprésase
con pinturas de natureza e de paisaxes.

No verán sube o ánimo.
Quenta o sol e o tempo cálmase.
En verán estamos máis fora da casa:
no campo, ao sol ou na praia.
Na arte galega o verán represéntase con luminosidade,
horizontes e praias entre outras expresións.



Mostra de obras dentro da exposición: “As estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI”.

O outono representa un cambio entre a vida fora do verán e o recollemento do inverno. No outono aparecen sentimentos de nostalxia, madurez ou reflexión. Os días e as horas de luz acúrtanse.

En Galicia o outono cambia moito a paisaxe, tanto polas cores en laranxa e marróns como pola caída das follas das árbores. Na arte o outono represéntase por cores marróns, vermellos escuros ou grises cálidos.

O inverno é o tempo de fogar e de soidade. O clima vólvese máis frío e máis húmido. Tamén atopamos pouca luz no tempo de inverno. A natureza e a contorna están durmidas e refuxiadas do exterior.

Na arte galega os invernos represéntanse con cores escuras: grises, marrón ou negras. Tamén con paisaxes xeadas ou con neve.

4. As 4 estacións do ano e as súas obras

4.1. O verán

O visitante entra á exposición do verán despois do paso pola cabina de calor. As paredes e o chan da sala do verán son de cor amarelo.

No verán o sol quenta a pel e sube o ánimo. O corpo reacciona aos días máis longos e a claridade cun estado máis positivo.

O verán é momento de:

- vacacións,
- sol intenso,
- ceos azuis,
- o mar,
- a praia
- e de salitre.



Título: **A familia deportivista.**

Vari Caramés. Ano 1997.

Na exposición do verán temos obras de arte como por exemplo:

- a simulación dun sol,
- vídeos de horizontes,
- pinturas de praias,
- o mundo baixo o mar
- e ata unha imaxe ardente.

4.2. A primavera

Na exposición, chegamos á sala da primavera logo do paso pola sala do verán.

As paredes e o chan na sala da primavera son de cor rosa.
Na primavera todo volve á vida.
A natureza revive: as plantas brotan, flores e árbores con follas.

As cores son moi variadas e rechamantes: verdes intensos, amarelos e rosados.

Na exposición o visitante atopa estas obras:

- un conxunto de **bodegóns** de flores,
- un cadro dunha cadea de margaridas,
- unha fonte con auga,
- hortos
- e tamén xestas.

Bodegón:

Os bodegóns son obras de arte con animais, flores ou obxectos colocados nun lugar concreto.

Título: **Rosas de abril 25.**

Manuel Quintana Martelo. Ano 2025.



4.3. O inverno

Logo de saír da cabina de frío,
entramos na exposición do inverno.

As paredes e o chan da sala
do inverno son de cor gris.

O inverno representa tempo
de pensamento interior e da **melancolía**.
Polo cambio no tempo temos menos ánimos.
No inverno baixa a temperatura,
a humidade sube e chove moito.


Nas obras da exposición vemos:

- bosques xeados,
- paisaxes nevadas,
- montañas
- mares grises,
- árbores de pedra,
- e as casas por dentro en inverno.

As cores máis abundantes nas obras
do inverno son as escuras:
os grises, marróns e os negros.

Melancolía:

A melancolía é unha sensación
de tristeza profunda no tempo.



Título: **Naranjo.**

Marina González Guerreiro. Ano 2025.

4.4. O outono

Título: **Couve Galega / Planta 06/02.**
Fernando Casás. Ano 2014/2026.



Na exposición chegamos ó outono
logo de pasar pola sala do inverno.

As paredes e o chan son de cor verde.
O outono marca a caída das horas
de luz do sol e os días máis fríos.
As follas caen e a natureza cambia de cor.

As cores cálidas e marróns son abundantes.
Estas cores poden ser:

- marróns,
- ocre,
- dourados,
- vermellos escuros
- e grises cálidos.

Nas obras da exposición na sala de outono
vemos paisaxes moi fermosas,
e dúas obras artísticas no espazo.
Estas obras artísticas son:
unha feita con cañotos de verza
e outra con traxes de follas de millo.

5. Créditos

XUNTA DE GALICIA

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Conselleiro

José López Campos

Secretaría Xeral Técnica

Secretaría General Técnica

Elvira María Casal García

Director Xeral de Cultura

Director General de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Directora Xerente

Directora Gerente

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de acción cultural

Verónica Santos Farto

Director de oficina técnica

Benito García Caramés

Director económico financeiro

Director económico financiero

Santiago González Prado

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

EXPOSICIÓN

Comisariado e dirección artística

Comisariado y dirección artística

Mónica Alonso

Textos de sala

Mónica Alonso

Deseño gráfico

Diseño gráfico

balandra estudio

Coordinación exposición

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Chus Martínez Domínguez

Deseño de montaxe

Diseño de montaje

Mónica Alonso

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Producción téxtil

Producción textil

Hormiga Costura, SL

Comunicación e marketing

Comunicación y marketing Fundación

Cidade da Cultura de Galicia

Didáctica-Mediación

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Colaboración área TIC (Imaxe / son)

Colaboración área TIC (Imagen / sonido)

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Creación sonora

miramemira

Producción e axúste cromático

Producción y ajuste cromático

Manuel García

Tradución

Traducción

Alos Soluciones Lingüísticas

Montaxe

Montaje

Daexga Servicios Integrales de Galicia SL

Producción e aplicación de gráfica

Producción e aplicación de gráfica

Mástil Noroeste Publicidad

Transporte

Feltrero División Arte SL

Seguros

ABANCA Seguros

LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE LIMITED

HOWDEN IBERIA, S.A.U

XL Insurance Company SE

As Estacións do ano na arte galega dos séculos XX e XXI